



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 15 de xullo de 2022 (1252/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e corenta e cinco minutos do día quince de xullo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do segundo Tte. de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira (RA 15/07/2022), coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(614).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(615).- RESOLUCIÓN DE MUTUO ACORDO DO CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A CELEBRACIÓN DO CONCERTO DE BRYAN ADAMS NO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS DE VIGO. EXPTE. 9270/1102.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de Contratación, pola titular da Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade do patrocinio publicitario para a celebración do concerto de BRYAN ADAMS no complexo deportivo das Travesas de Vigo (PCAP)
- Real decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC)

ANTECEDENTES

Primeiro.– A Xunta de Goberno local (en adiante XGL) na sesión que tivo lugar o 8 de xullo de 2022, aprobou o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato de patrocinio do patrocinio publicitario do concerto de BRYAN ADAMS previsto o día 14 de Xullo de 2022



Concello de Vigo

no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo para a difusión da imaxe institucional do Concello de Vigo e acordou autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.– A XGL, en sesión de data 13 de xullo de 2022, acordou:

"Adxudicar a XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario do concerto de Bryan Adams previsto o día 14 de xullo de 2022 no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo (9270–335) por un prezo total de 121.000 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 21.000 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

O contrato formalizouse en documento administrativo o mesmo día.

Terceiro.– En data 15 de xullo de 2022, o contratista, presenta escrito no Rexistro electrónico deste Concello (doc. Nº 220177803) no que indica que é adxudicatario do contrato do patrocinio publicitario do concerto de Bryan Adams previsto o día 14 de xullo de 2022 no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo (expediente 9270–335). Por causas imprevisibles foi preciso modificar a data do concerto de Bryan Adams, que se celebrará o vindeiro 19 de xullo no mesmo recinto. Dado que o prazo de execución do contrato remataba precisamente o día do concerto, solicita a resolución por mutuo acordo deste contrato renunciando a cobrar ningún importe, e a celebración dun novo contrato que contemple a actual data de celebración.

Cuarto.– En data 15 de xullo de 2022 a responsable do contrato informa favorablemente a solicitude.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

–I–

Natureza do contrato e lexislación aplicable

O contrato que nos ocupa ten por obxecto o patrocinio publicitario do concerto de BRYAN ADAMS previsto o día 14 de Xullo de 2022 no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo para a difusión da imaxe institucional do Concello de Vigo (cláusula 3 PCAP).

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP

Dado que o presente contrato é privado hai que ter en conta que a súa preparación e adxudicación, se rexe pola normativa contractual en defecto de normas específicas, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo o, no seu caso, as normas de dereito privado. No entanto, no que respecta aos seus efectos, modificación e extinción, este contrato rexese polo dereito privado (artigo 26 LCSP).

–II–

Da resolución

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os



seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.3 e 43 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

O PCAP que rexe este contrato regula a resolución na cláusula 43 nos seguintes termos:

“1.- Serán causas de resolución do contrato, ademais das especificadas no Código civil, as establecidas nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de servizos no artigo 313 de devandita Lei, nos artigos 109 a 113 do RLCAP, e a seguinte:

a) Que o contratista perda os dereitos de exclusividade sobre a actuación de BRYAN ADAMS en Vigo”.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 313 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de servizos respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) **O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.**
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.

- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
 - f) O incumprimento da obriga principal do contrato, e das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato. En concreto, no que nos ocupa, o PCAP consigna na cláusula 22 as seguintes:
 - A obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores no ámbito deste contrato.
 - Nos contratos nos que opere a cesión de datos, a obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.
 - O cumprimento das prestacións esenciais obxecto do contrato.
 - g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
 - h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
 - i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.
- Para as prestacións de servizos (artigo 313 da LCSP):
- j) A desistencia antes do inicio da prestación do servizo ou a suspensión por causa imputábel ao órgano de contratación da iniciación do contrato, por prazo superior a catro meses.
 - k) A desistencia unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por parte do órgano de contratación por prazo superior a oito meses.

No caso que nos ocupa, informa a xefa do Servizo de Festas, en data 15 de xullo de 2022, o seguinte:

"A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 13 de xullo de 2022 adoptou o seguinte acordo: "Adxudicar a XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario do concerto de Bryan Adams previsto o día 14 de xullo de 2022 no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo (9270–335) por un prezo



Concello de Vigo

total de 121.000 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 21.000 euros."

Con data do 13 de Xullo ás 22:00h a entidade promotora do concerto de Bryan Admas , adxudicatario do contrato de Patrocinio, púsoxe en contacto coa responsable do contrato, a Xefa do Servizo de Festas a través do asesor do Servizo de Festas (adxudicatario do lote 2, expte. nº 9191-335). Comunicou neste momento problemas na montaxe do escenario, en concreto a rotura accidental de pezas que conforman a estrutura do mesmo. Esta situación viuse agravada por un problema sanitario de parte do persoal de montaxe na mesma data.

Con data do 14 de Xullo á mañá constatouse que non se podían cumprir os prazos que garantizasen o remate da montaxe para a hora da celebración do evento, comunicando a entidade adxudicataria que se acordara co artista a suspensión do evento e o cambio de data do mesmo para o 19 de Xullo de 2022. Por parte deste Servizo constatouse a realidade da situación da montaxe do escenario.

A entidade comunicou que tiñan a intención de solicitar a resolución do contrato de patrocinio e a solicitude dun novo patrocinio baseado na publicidade que teñen pensado realizar nas próximas datas ata a celebración do evento. En virtude disto con data do 15/07/2022 a entidade, mediante doc. Nº 220177803 achegou escrito no que solicita a resolución do contrato de Patrocinio, expte. nº 9270-335 e a solicitude dun novo contrato de patrocinio que se vai tramitar baixo o número de expediente nº 9290-335.

Por parte deste Servizo constatouse a realidade da situación da montaxe do escenario polo estou conforme coa resolución de mutuo acordo do contrato, sen impoñer indemnización, ao estar a causa do cambio de data xustificada".

Como se pode deducir, á vista do informe do servizo xestor do contrato, que a concorrencia de causas imprevisibles motivaron a imposibilidade de celebración do concerto na data prevista e o seu cambio de data.

Así, tendo en conta que o contratista solicitou, en escrito de 15 de xullo de 2022 a resolución de mutuo acordo renunciando a calquera compensación económica e que, o servizo xestor está conforme, tal e como informa a responsable do contrato, procede incoar expediente para a resolución do contrato de mutuo.

Tras un exame das citadas causas de resolución podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado c) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 211.c da LCSP: "O mutuo acordo entre a Administración e o contratista". Para aplicar esta causa de resolución a lei esixe dous requisitos:

- Que non concorra outra causa de resolución imputable ao contratista.
- Que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

Como se pode colixir do informe do servizo xestor non concorre ningunha causa de resolución imputable ao contratista.

De este informe dedúcese tamén que é de interese público resolver este contrato, por canto estaba vinculado o patrocinio á celebración do concerto.

-III-

Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 211.2 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1i) que non concorre neste contrato.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece, ao igual que as Leis anteriores, dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RXLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

En consecuencia, segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RXLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais.



- Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Informe da Asesoría Xurídica.
- Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.

A resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP), neste caso concreto por calquera das dúas partes.

Á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

Consta no expediente a conformidade do contratista, posto que no escrito de 15 de xullo de 2022 solicita a resolución, polo que non é necesario evacuar un novo trámite de audiencia. Coa conformidade do contratista resulta innecesario o informe do Consello Consultivo.

Como non se exixiu garantía non é preciso evacuar trámite de audiencia ao avalista ou asegurador.

O resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, deberán realizarse con carácter previo á adopción do acordo da proposta de resolución por parte do órgano de contratación.

Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

-IV-

Dos efectos da resolución

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP. Nos catros primeiros apartados e no último establece as regras aplicables segundo a causa de resolución, e no apartado 5 establece regras comúns aplicables a todos os supostos.

Con respecto á resolución de mutuo acordo, o seu apartado primeiro se limita a prever que os dereitos das partes axustaranse ao validamente estipulado por elas. No caso que nos ocupa, non procede que as partes se restitúan o recibido con ocasión do contrato, nin procede aboamento nin indemnización ningún.

-V-

Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda da LCSP), non sendo necesario o informe do Consello Consultivo por ter prestado a conformidade o contratista.

-VII-

Acordo



Concello de Vigo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Resolver o contrato do patrocinio publicitario para a celebración do concerto de BRYAN ADAMS no complexo deportivo das Travesas de Vigo adxudicado pola Xunta de Goberno local a XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L., na sesión do a 13 de xullo de 2022 por un prezo por un prezo de 121.000 euros, por mutuo acordo entre as partes, causa prevista no artigo 211.1 c da LCSP.

2º.- Notificar este acordo ao contratista e publicalo no perfil de contratante”.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(616).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO CONCERTO DE BRYAN ADAMS NO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS DE VIGO O 19 DE XULLO DE 2022. EXPTE. 9290/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 15/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 15/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

I. Antecedentes

A entidade XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L. solicitou con data do 15 de Xullo de 2022 o Patrocinio Publicitario do Concerto do artista Bryan Adams a celebrar o 19 de Xullo, solicitando a cesión de utilización do espazo do Campo de Fútbol do Complexo Deportivo das Travesas para a celebración do evento (expte. nº 9278-335).

No expediente consta seguinte documentación:

- Memoria do evento, doc. Nº 220178131 de data 27/06/2022 (trámite 14).
- Carta de exclusividade da actuación artística de Bryan Adams para o 19 de Xullo en Vigo, doc. Nº 220178231 de data 19/06/2022 (trámite 25).
- Presuposto do patrocinio que se solicita, doc. Nº 220177920 de data 15/07/2022 (trámite 3).
- Informe de retorno publicitario (ROI) doc. nº 220177920 de data 15/07/2022 no que se valora en 383.655,00 € o que podería custar a contratación de espazos publicitarios que xeren unha repercusión mediática similar á proposta (trámite 3).

- Informe de valoración do ROI realizado pola entidade ECOVIGO PUBLICIDAD (trámite 16).

O contido da proposta incluída na Memoria do evento achegada por XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L. xustifica a interese xeral deste patrocinio ao supoñer que o Concello de Vigo sexa o patrocinador principal da actuación artística de Bryan Adams en Vigo, que é un dos cantantes e compositores máis aclamados do rock internacional. Este patrocinio permitirá difundir de maneira especial a participación directa do Concello na organización do evento, alcanzar e desfrutar dun alto grado de notoriedade no proxecto e, resaltar a propia acción sociocultural que se desenvolve na cidade de Vigo como un dos valores de identidade da Cidade que converta a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao exterior unha imaxe de cidade moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos favorecendo o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.

A prezo do contrato considérase adecuado tal e como se fundamenta no informe emitido por ECOVIGO asinado con data do 15/07/2022, no que se avala o importe solicitado en base ao ROI achegado pola entidade

No expediente constan os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 15/07/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 15 de xullo 2022.
- Memoria económica, de data 15 de xullo de 2022
- Documentos económicos, de data 29 e 30 de xuño de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 15 de xullo de 2022
- Memoria xustificativa, de data 15 de xullo de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá ao licitador entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).



Concello de Vigo

- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación do 15 de Xullo de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 15 de Xullo de 2022

II. Condicións definitorias do contrato

As condicións que rexen este contrato están definidas pormiudadamente no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, na Memoria Xustificativa e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, ás que se fai unha remisión nesta proposta. As condicións definitorias fundamentais son as que seguen.

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto deste contrato é o patrocinio publicitario do concerto de BRYAN ADAMS previsto o día **19 de Xullo de 2022** no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo para a difusión da imaxe institucional do Concello de Vigo. O patrocinio se desenvolverá nos medios de comunicación nos que se divulgue información relativa ao evento e nas instalacións nas que se desenvolva o concerto.

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2o LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a unha entidade determinada, XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L. que ten a exclusiva do evento.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

A proposta fundaméntase, entre outros aspectos, nunha identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto de interese social e de carácter universal e transversal como é o ocio, o esparcemento e a música, xa que este proxecto ven a destacar o gran valor de Vigo como cidade acollidora de grandes eventos musicais de nivel nacional e internacional.

A valoración para o patrocinio se fundamenta nunha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade, actuacións de difusión da

imaxe da Cidade de Vigo na celebración do mesmo xerando un impacto económico segundo informe da mercantil "Errepetrés, Deseño e Publicidade" de data 15/07/2022, no que se detallan as prestacións que outorgaranse ao Concello de Vigo cuantificando o importe de retorno dos espazos publicitarios en 383.655,00€, os importes unitarios de valoración, aparecen desglosados no informe adxunto ao expediente.

O patrocinio desenvolve unha serie de accións de comunicación e difusión detalladas na cláusula 5 do PPTP.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o concerto de Bryan Adams o 19 de Xullo de 2022 en Vigo, establécese en 121.000,00 euros (ive incluído).

O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como Patrocinador, xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao retorno que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como referencia na oferta sociocultural de calidade, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores ó evento nas diferentes insercións, ademais de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 121.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 21.000,00€.

Para o gasto que supón esta contratación existe consignación e financiamento suficiente con cargo á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico.

III.-Proposta

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3a da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato de patrocinio do patrocinio publicitario do concerto de BRYAN ADAMS previsto o día 19 de Xullo de 2022 no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo para a difusión da imaxe institucional do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 15 de Xullo de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 15 de Xullo de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **121.000,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **100.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O SEGUNDO TTE. DE ALCALDE
Francisco Javier Pardo Espiñeira